

Don Antonio Torrón Casal, Secretario Suplente da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A :

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 30 de maio de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízo de valor, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO). (Expte.-2024018693)*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de maio de 2024, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “Servizo de creación, posta en marcha e xestión da oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO)”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 10 de maio de 2024, aparecendo publicado o día 13 de maio de 2024 (Anuncio de licitación 92/2024). Así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de maio de 2024; na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor da única empresa que achega oferta á licitación.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobre “B” que presentan as empresas admitidas, ao persoal técnico do



Servizo de Cooperación, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

